

# Percorridos medioambientais



## CAMIÑOS NATURAIS DE VIGO\*

- 1 marzo: Camiños dos canteiros de Matamá (1)
- 8 marzo: Camiños dos agricultores de Lavadores (1)
- 15 marzo: Camiños das leiteiras de Zamáns (1)

\*Horario: Saída 9:30, Convocatoria: 9:00.

## CAMIÑO HISTÓRICO TUI-VIGO\*

- 22 marzo: Etapa I: Tui - Couso (1)
- 19 abril: Etapa II: Couso - Vincios (1)
- 26 abril: Etapa III: Vincios – Comesaña (1)

\*Horario: Saída 9:30, Convocatoria: 9:00

## VII ANDAINA POLOS MONTES DE VIGO

10 maio: Información adicional dende 27 abril.

### Inscripción e Funcionamento

**Inscripción normal:** 010 (dende móbil: 986 81 02 60), na semana da actividade.

**Empadroados:** de luns a mércores, de 8:00 a 20:00. **Non empadroados:** o xoves.

**Inscripción Andaina e Visita de Illas Atlánticas:** o mesmo procedemento, con prazo que se indique en cada caso dada a necesidade de xestionar con anticipación os desprazamentos.

**Recollida do ticket de viaxe:** ao coller o autobús na Praza do Rei. No caso de percorridos con achega efectuarase o pago no prazo e lugar establecido en cada caso, sendo preciso presentar o resguardo do pago no momento de incorporación á actividade.

**Renuncia á inscrición:** no caso de non poder asistir unha vez inscrito/a, hase de comunicar en [info@caminoacaminovigo.org](mailto:info@caminoacaminovigo.org) ou no teléfono 662 23 10 23. Non facelo pode supór a limitación á participación en actividades posteriores.

**(1) Percorridos de mañá** (gratuítos, ata 200 prazas). **Saída:** 9:30 dende a Praza do Rei. **Convocatoria:** 9:00. **Retorno estimado:** entre 13:30 e 14:30, na Praza do Rei. Desprazamento autobús urbano e discrecional.

**(2) Cíes** (custe 8 euros para barco, ata 300 prazas). **Convocatoria:** 9:00-9:30 na Estación Marítima de Vigo. **Retorno estimado:** 20:00. **Menores de 12 anos:** 50% do custe. **Visita 24 de maio:** preinscrición entre 4 e 5 de maio; **peche inscrición:** ata 7 de maio. **Visita 31 de maio:** preinscrición entre 11 e 12 de maio; **peche inscrición:** ata 14 de maio. Unha vez confirmada a praza, o pago do billete do barco realizarase na taquilla de Mar de Ons sita en r/ Cánovas del Castillo 26, en horario de oficina, ata a data de peche de inscrición indicado. Unha vez pechada, non se pode cancelar.

**(3) Acampada familiar en Cíes:** estadia de sábado e domingo completo (achega de 8 euros por persoa, ata un máximo de 27 unidades familiares). **Convocatoria:** 9:00-9:30



## OUTRAS RUTAS POR VIGO E CÍES\*

- 17 maio: Camiño do románico en Vigo (1)
- 24 maio: Illas Cíes I (2)
- 23-24 maio: Acampada familiar en Cíes I (3)
- 31 maio: Illas Cíes II (2)
- 30-31 maio: Acampada familiar en Cíes II (3)

\*Horario: Saída 9:30, Convocatoria: 9:00.

## RUTAS CON ENCANTO POR GALICIA\*

- 7 xuño: Parque Natural Fragas do Eume (4)
- 14 xuño: Camiño dos arrieiros no Carballiño (4)

\*Horario: Saída 8:30, Convocatoria: 8:00 (adianto).

do sábado na Estación Marítima de Vigo. **Retorno estimado:** domingo as 20:00. Desprazamento incluído na achega; estadia no camping de balde e manutención a cargo de cada participante. **Acampada 23-24 de maio:** preinscrición no 010 entre 4 e 5 de maio; **peche inscrición:** ata 7 de maio. **Acampada 30-31 de maio:** preinscrición no 010 entre 11 e 12 de maio; **peche inscrición:** ata 14 de maio. O pagamento da achega para o peche de inscrición realizarase na taquilla de Mar de Ons sita en r/ Cánovas del Castillo 26, en horario de oficina. Unha vez pechada, non se pode cancelar.

Aos efectos desta inscrición, considérase Familia a formada por nai/pai cos seus fillos/as menores ou titores legais cos seus titorados/as menores (neste caso acreditalo). A actividade programada está dirixida a menores de 12 anos, podendo en todo caso acompañar menores ata 14 anos.

**(4) Percorridos por Galicia de día completo** (achega 8 euros para bus, ata 200 prazas). **Saída:** 8:30 dende a Praza do Rei. **Convocatoria:** 8:00. **Retorno estimado:** entre 19:30 e 20:30, na Praza do Rei. Desprazamento autobús discrecional a cargo de cada participante. **Menores de 12 anos:** 50% da achega. Ver apartado Pagamento da achega.

**Pagamento da achega de autobús nos apartados (2), (3) e (4):** unha vez confirmada a praza, realizarase na Concellería de Medio Ambiente (2º andar do Concello) ou a través da sede electrónica do Concello de Vigo ([https://sede.vigo.org/expedientes/formularios/autoliq\\_mamb\\_percorridos.jsp](https://sede.vigo.org/expedientes/formularios/autoliq_mamb_percorridos.jsp)) ata a data de peche de inscrición indicado en cada apartado. Ver detalle do procedemento na sección do blog: "Guía para o pago de percorridos".



# Voluntariado medioambiental

## VOLUNTARIADO URBANO

Monte da Guía, Montes de Vigo e Río Lagares  
Mércores e sábados, de 10 a 13 horas  
Prazas/día: ata 15.

## VOLUNTARIADO DE ACOMPAÑAMENTO DE CANS

**Refuxio de animais abandonados de Vigo** (Candeán)  
Mércores, 9:30 a 11:30.  
Prazas/día: ata 12.

## VOLUNTARIADO DE SENDEIROS

Martes e xoves, de 16 a 19 horas  
Prazas/día: segundo acción convocada.

### Marzo – xuño, agás festivos e pontes.

**Requisitos xerais do voluntariado medioambiental:** ter Curso de iniciación ao voluntariado medioambiental e ter asinado o acordo de voluntariado do Concello de Vigo.





## Formación

### CURSOS DE HORTAS URBANAS

Unha demanda percibida por parte da Concellería de Medio Ambiente é o fomento das hortas urbanas. Para desenvolver esta iniciativa cómpre dispór duns conceptos básicos que se subministran neste curso e, logo, por suposto polos en práctica tanto en recintos particulares como en recintos municipais que se habiliten ao efecto. Preséntanse dúas convocatorias de 1º nivel e unha de 2º nivel:

#### Cursos de 1º nivel

7 marzo (sábado): quenda 1

12 marzo (xoves): quenda 2

**Horario:** 10:00 -13:00 (sábados) ou 16:30 - 20:00 (xoves). **Lugar:** Vigozoo. **Destinatarios:** maiores de idade. **Grupo:** ata 50 persoas. **Inscrición:** 010 (dende móbil: 986 81 02 60), na semana da actividade: de luns a mércores, de 8:00 a 20:00. **Achega:** 5 euros, a pagar no momento de entrada en Vigozoo. **Nota:** a realización deste curso habilita para participar nas hortas-escola.

#### Curso de 2º nivel.

17 marzo (martes)

**Horario e Lugar:** comunicaraselle ás persoas preinscritas nas hortas que cumpran cos requirimentos para participar no 2º nivel.

### CURSO DE INICIACIÓN AO VOLUNTARIADO MEDIOAMBIENTAL

De cara a realización de labores de voluntariado medioambiental nos Montes de Vigo e demais actuacións é preciso contar co curso de iniciación ao voluntariado medioambiental.

Traballaranse contidos básicos sobre o voluntariado (dereitos e deberes, normativa, etc) e sobre voluntariado medioambiental de Camiño a Camiño.

7 marzo (sábado): quenda 1

4 abril (sábado): quenda 2

**Horario:** 10:00 -13:00. **Lugar:** Vigozoo. **Destinatarios:** maiores de idade. **Grupo:** ata 50 persoas. **Inscrición:** 010 (dende móbil: 986 81 02 60), na semana da actividade: de luns a mércores, de 8:00 a 20:00. **Gratuito.**



## Hortas Urbanas

### HORTA-ESCOLA DE SARDOMELA (Cabral)

Martes 10-13h e venres 10-13h

### HORTA-ESCOLA DE FONTÁNS (Lavadores)

Mércores 16-19h e sábados 10-13h

### HORTA-ESCOLA DE RAMÓN NIETO I

Mércores 16-19h e sábados 10-13h

### HORTA-ESCOLA DE PEDRO ALVARADO (Teis)

Xoves 16-19h e sábados 10-13h

### HORTA-ESCOLA DE NAVIA

Martes 16-19h e sábados 10-13h

### HORTA-ESCOLA DE CAMELIAS

Xoves 16-18:30h

### HORTA-ESCOLA DE VIGOZOO

Horario asignado a cursos e actividades de voluntariado.

**Prazas:** segundo dispoñibilidade do espazo. **Gratuito.**

**Requisitos:** Curso básico de hortas urbanas e ter concedido praza previa solicitude nos cursos.

### HORTA-ESCOLA DE RAMÓN NIETO II E DE SARDOMELA

Horario asignado a alumnado de 2º nivel.

**Prazas:** segundo dispoñibilidade do espazo. **Gratuito.**

**Requisitos:** Ter participado no último ano nunha horta-escola e asistir ao Curso de hortas urbanas 2º nivel (convocatoria a determinar).

Inscrición  
de luns a mércores no



**010**

ou no

**986 81 02 60**

(para chamadas  
dende móbil)

**vigo.org**

**caminoacaminovigo.blogspot.com**

CONCELLO  
DE VIGO



# PROGRAMA MUNICIPAL DE EDUCACIÓN MEDIOAMBIENTAL

## marzo-xuño 2020

